Dryopteris filix-mas (L.) Schott, 1834

- fento macho
- helecho macho, dentabrón
- iratze arra
- falguera mascle
- male fern
- fento macho



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Pteridophyta	**Pteridopsida**	**Polypodiales**	**Dryopteridaceae**	***Dryopteris***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Fento perenne de 1-1,8 m de altura máxima. Sistema de raíces fibrosas que nacen dun rizoma. Rizoma subterráneo ou apenas visible, curto, groso e erecto, cuberto por escamas pardas. Follas grandes, bi ou tripinnadas, de cor verde intensa e textura lixeiramente coriácea. Esporas agrupadas en soros redondeados, cubertos por un indusio uniforme e situados na face inferior das frondes.

HÁBITAT

Bosques caducifolios e mixtos, sotobosque, noiros e marxes de camiños forestais. Prefire solos lixeiramente ácidos, ricos en materia orgánica e ambientes frescos e húmidos.

DISTRIBUCIÓN

Ampla distribución no hemisferio norte: Europa, Asia occidental e América do Norte.

CURIOSIDADES

Pode vivir moitos anos no mesmo lugar e a súa presenza indica unha boa conservación.